

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 20 de maio de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte de maio do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31733.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 13 de maio 2022.

2.31734.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA Á EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9702 AS SINAS-VILANOVA, ENTRE O P.Q. 1+415 Ó P.Q. 2+225” (Expte.2022001521)

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



2. A Deputación de Pontevedra é titular da Estrada Provincial “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, entre o P.Q. 1+415 ó P.Q. 2+225*”, que descorre polo Concello de Vilanova de Arousa e que ten unha lonxitude de 3.446 m.

O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

Execución material	189.643,04 €
Presuposto base de licitación-valor estimado	225.675,22 €
Presuposto base de licitación con IVE	273.067,02 €

3. Por Resolución da Alcaldía de 10 de marzo de 2022, o *Concello de Vilanova de Arousa* aprobou o convenio obxecto desta proposta e acordou financiar a achega municipal por importe de 54.613,40€, 20% do importe das obras, con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023. No suposto de non obter o financiamento con cargo ao Plan Concellos, ou de que o importe obtido sexa insuficiente, a achega municipal será financiada con fondos propios do Concello.

4. Consta no expediente o informe emitido polos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, de 10/03/2022, sobre a xustificación das porcentaxes de financiamento e da prioridade das obras obxecto do convenio.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o Tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.



No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

	ACHEGA	%	ANUALIDADE
Deputación de Pontevedra	218.453,62 €	80	2022
Concello de Vilanova de Arousa	54.613,40 €	20	2023
TOTAL INVESTIMENTO	273.067,02 €	100	



A Deputación financiará a súa achega de 218.453,62 € correspondentes ao 80 % do importe con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02 do Orzamento Provincial do ano 2022.

A achega do Concello de Vilanova de Arousa será de 54.613,40 € correspondentes ao 20% do importe das obras. Financiarase con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao *Concello de Vilanova de Arousa*. No suposto de non obter o financiamento con cargo ao Plan Concellos, ou de que o importe obtido sexa insuficiente, a achega municipal será financiada con fondos propios do Concello.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2.ª) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ª) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuita de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.



O Convenio formalizado será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o “*Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, entre o P.Q. 1+415 E O P.Q. 2+225”*”

Dito convenio é como segue:

“*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9702 AS SINAS-VILANOVA, ENTRE O P.Q. 1+415 E O P.Q. 2+225”*”

REUNIDOS

Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

Don Gonzalo Durán Hermida, alcalde do Concello de Vilanova de Arousa, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALGA).

II.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos treitos que transcurren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno



viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da LBRL e 81 da LALGA, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da LBRL e os artigos 109 e 110 da LALGA encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio.

V.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da Estrada Provincial E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, que transcorre polo Concello de Vilanova de Arousa e que ten unha lonxitude de 3.446 m.

Na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 da E.P. 9702 As Sinas-Vilanova de Arousa é necesario realizar unha reestruturación para a creación dunha senda peonil na marxe dereita da estrada, co fin de permitir aos peóns unha mobilidade segura entre o centro urbano de Vilanova de Arousa e a zona de acceso a praia das Sinas. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225”.

VI.- Que a actuación consiste en executar unha senda peonil, de formigón coloreado e largo maior ou igual a 2,50 metros, pola marxe esquerda da E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225, punto onde rematan as beirarrúas que unen na actualidade o centro urbano de Vilanova e o aparcadoiro das Sinas, dándolle desta forma continuidade ás beirarrúas existentes mediante a creación dun novo espazo peonil seguro e continuo. Para a recollida das augas pluviais da plataforma, se proxecta executar un caz prefabricado de formigón entre a senda peonil e o aglomerado, na marxe dereita da estrada, co fin de recoller e dirixir as augas pluviais cara os sumidoiros correspondentes. A maiores, se contempla renovar o aglomerado existente en diferentes treitos dentro do ámbito de actuación, para ser máis exactos no treito comprendido entre o P.Q. 1+780 ata o P.Q. 2+225, debido ó estado de deterioro no que se atopa o existente na actualidade. Para finalizar, realizarase a correspondente sinalización horizontal e vertical para deixar correctamente sinalizada a estrada provincial no ámbito de actuación.

Con esta intervención perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizábel e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.

VII.- A maiores, o proxecto contempla tamén a execución dunha nova rede soterrada de pluviais ao longo de 810 metros de actuación.

Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, conxuntamente ás seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225”.

As unidades de obra contempladas no proxecto inclúen a demolición de parte do aglomerado existente e a execución dos movementos de terras necesarios para a construción dunha senda peonil entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 da E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, pola marxe dereita da estrada, de formigón coloreado e largo maior ou igual a 2,50 metros, así como a colocación dun caç prefabricado de formigón entre a senda peonil e o aglomerado co fin de recoller as augas que caían na plataforma os días de chuvia. A maiores, o proxecto contempla a renovación do aglomerado existente en diferentes treitos dentro do ámbito de actuación, para ser máis exactos no treito comprendido entre o P.Q. 1+780 ata o P.Q. 2+225 debido ó elevado estado de deterioro no que se atopa o existente na actualidade, así como a realización dunha correcta sinalización horizontal e vertical no ámbito de actuación. Por último, o proxecto inclúe a realización dos movementos de terras e traballos necesarios para a execución dunha nova rede soterrada de recollida de augas pluviais e a instalación dunha rede soterrada de alumeadado público ao longo dos 810 metros de actuación.

Segunda.- Importe:

O importe ó que se refíre a presente actuación ascende a douscentos vinte e cinco mil seiscentos setenta e cinco euros con vinte e dous céntimos (225.675,22 €) máis corenta e sete mil trescentos noventa e un euros con oitenta céntimos (47.391,80 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de douscentos setenta e tres mil sesenta e sete euros con dous céntimos (273.067,02€).

Terceira.- Financiamento:

O investimento necesario para a realización das mencionadas obras financíase pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa segundo se detalla:

	Achega	%	Annualidade
Deputación de Pontevedra	218.453,62 €	80	2022
Concello de Vilanova de Arousa	54.613,40 €	20	2023
TOTAL INVESTIMENTO	273.067,02 €	100	

A Deputación financiará 218.453,62 € (80 %) con cargo á aplicación 22 /456 4530 612.02.

A achega do Concello de Vilanova de Arousa será de 54.613,40 € (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará con cargo á subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Vilanova de Arousa. No suposto de non obter o financiamento con cargo ao Plan Concellos, ou de que o importe obtido sexa insuficiente, a achega municipal será financiada con fondos propios do Concello.



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello:

O Concello de Vilanova de Arousa obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, mobiliario urbano, iluminación, etc), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fan referencia os apartados 2 e 3 anteriores, antes da sinatura do presente convenio.*
- 5) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
 - Treito antigo final da E.P. 9002 Fefiñáns-Oubiña, de 86 metros de lonxitude.*
 - A senda peonil entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 da E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, pola marxe dereita da estrada, dándolle continuidade á beirarrúa existente. O resto do dominio público (calzada, beiravías....) mantense na titularidade da Deputación.*
- 6) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*



Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) *Redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio.*
- 2) *Dirixir, executar e recibir as obras.*
- 3) *Comunicarlle ao Concello a recepción das obras.*

A comunicación da Deputación ao Concello de Vilanova de Arousa da formalización do acto de recepción das obras determina o nacemento das obrigas de conservación e mantemento dos servizos urbanos asumidas polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.

- 4) *Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas:

O Concello de Vilanova de Arousa faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio:

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2023.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción:

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.



Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e polas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público.
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022 e demais normativa de obrigado cumprimento.

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra
María del Carmen Silva Rego

Polo Concello de Vilanova
Gonzalo Durán Hermida

O Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”

3.31735.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DO GROVE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE, DO P.Q. 1+000 Ó P.Q. 2+550”(Expte. 2022004053)

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

2. A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550”, que descorre polo Concello do Grove que ten unha lonxitude de 7.459 m.

O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

Execución material	383.209,76 €
Presuposto base de licitación-valor estimado	456.019,62 €
Presuposto base de licitación con IVE	551.783,74 €



3. Por acordo do Pleno de data 28 de marzo de 2022, o Concello do Grove aprobou o convenio obxecto desta proposta e acordou financiar a achega municipal por importe de 110.356,75 €, 20% do importe das obras) con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022. No suposto de non obter o financiamento con cargo ao Plan Concellos, ou de que o importe obtido sexa insuficiente, a achega municipal será financiada con fondos propios do Concello.

4. Consta no expediente o informe emitido polos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, de 10 de marzo de 2022, sobre a xustificación das porcentaxes de financiamento e da prioridade das obras obxecto do convenio.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.



O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	441.426,99 €	80
Concello do Grove	110.356,75 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	551.783,74 €	100

A Deputación financiará a súa achega de 441.426,99 € correspondentes ao 80 % do importe con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02 do Orzamento Provincial do ano 2022.

A achega do *Concello do Grove* será de 110.356,75 € correspondentes ao 20% do importe das obras máis o pago da expropiación forzosa dos terreos, e financiarase con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello do Grove. No suposto de non obter o financiamento con cargo ao Plan Concellos, ou de que o importe obtido sexa insuficiente, a achega municipal será financiada con fondos propios do Concello.



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o “*Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello do Grove para a execución do proxecto de “Mellora da seguridade viaria na Ep-9101 O Grove - igrexa de San Vicente, do p.q. 1+000 ó P.Q. 2+550. Concello do Grove”*”.



Dito convenio é como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DO GROVE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-9101 O GROVE - IGREXA DE SAN VICENTE, DO P.Q. 1+000 Ó P.Q. 2+550. CONCELLO DO GROVE”.

REUNIDOS

Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

Don José Antonio Cacabelos Rico, alcalde do Concello do Grove, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).

II.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos treitos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da LBRL e 81 da LALG, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns determinados servizos públicos en función da súa poboación.



IV.- Que o artigo 36 da LBRL e os artigos 109 e 110 da LALG encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio.

V.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, que transcorre polo Concello do Grove e que ten unha lonxitude de 7.459 m.

Na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 1+000 e o P.Q. 2+550 da E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente é necesario realizar unha reestruturación para a creación dunha senda peonil na marxe esquerda da estrada, co fin de permitir aos peóns unha mobilidade segura entre o centro urbano do Grove e a zona de acceso a diferentes praias. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550. Concello do Grove”.

VI.- Que a actuación consiste en executar unha senda peonil, de formigón coloreado e largo maior ou igual a 2,50 metros, pola marxe esquerda da E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, entre o P.Q. 1+000, punto onde rematan as beirarrúas que unen na actualidade o centro urbano do Grove co Lugar de Campos, e o P.Q. 2+550, zona de acceso a diferentes praias, dándolle desta forma continuidade ás beirarrúas existentes mediante a creación dun novo espazo peonil seguro e continuo desde o Lugar de Campos ata a zona de acceso ás praias. Para a recollida das augas pluviais da plataforma, se proxecta executar un caz prefabricado de formigón entre a senda peonil e o aglomerado, na marxe esquerda da estrada, co fin de recoller e dirixir as augas pluviais cara os sumidoiros correspondentes. A maiores, se contempla renovar o aglomerado existente en diferentes treitos dentro do ámbito de actuación, para ser máis exactos no treito comprendido entre o P.Q. 1+340 e o P.Q. 1+970, e no comprendido entre o P.Q. 2+050 e o P.Q. 2+150, debido ó estado de deterioro no que se atopa o existente na actualidade. Para finalizar, realizarase a correspondente sinalización horizontal e vertical para deixar correctamente sinalizada a estrada provincial no ámbito de actuación, así como a execución de pasos de peóns sobreelevados co fin de reducir a velocidade dos vehículos e permitir aos peóns o cruce de calzada de forma cómoda e segura, mellorando así a convivencia entre todos os usuarios da estrada no ámbito de actuación contemplado no proxecto.

Con esta intervención perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizábel e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.

VII.- A maiores, o proxecto contempla tamén a execución dunha nova rede soterrada de pluviais ao longo dos 1.550 metros de actuación, así como a execución dunha rede soterrada de alumeadado público, deixando feita a instalación da rede por debaixo da senda para que o día de mañá se poidan colocar novas luminarias sen necesidade de demoler os novos pavimentos.



Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello do Grove para a execución do proxecto de “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550. Concello do Grove”.

As unidades de obra contempladas no proxecto inclúen a demolición de parte do aglomerado existente e a execución dos movementos de terras necesarios para a construción dunha senda peonil entre o P.Q. 1+000 e o P.Q. 2+550 da E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, pola marxe esquerda da estrada, de formigón coloreado e largo maior ou igual a 2,50 metros, así como a colocación dun caz prefabricado de formigón entre a senda peonil e o aglomerado co fin de recoller as augas que caían na plataforma os días de chuvia. A maiores, o proxecto contempla a renovación do aglomerado existente en diferentes treitos dentro do ámbito de actuación, para ser máis exactos no treito comprendido entre o P.Q. 1+340 e o P.Q. 1+970, e no comprendido entre o P.Q. 2+050 e o P.Q. 2+150, debido ó elevado estado de deterioro no que se atopa o existente na actualidade, así como a realización dunha correcta sinalización horizontal e vertical no ámbito de actuación. Por último, o proxecto inclúe a realización dos movementos de terras e traballos necesarios para a execución dunha nova rede soterrada de recollida de augas pluviais e a instalación dunha rede soterrada de alumeado público ao longo dos 1.550 metros de actuación.

Segunda.- Importe:

O importe ó que se refire a presente actuación ascende a catrocentos cincuenta e seis mil dezanove euros con sesenta e dous céntimos (456.019,62 €), máis noventa e cinco mil setecentos sesenta e catro euros con doce céntimos (95.764,12€) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de cincocentos cincuenta e un mil setecentos oitenta e tres euros con setenta e catro céntimos (551.783,74 €).

Terceira.- Financiamento:

O investimento necesario para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e o Concello do Grove segundo se detalla:

	Aportación	%
Deputación de Pontevedra	441.426,99 €	80
Concello do Grove	110.356,75 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	551.783,74 €	100

A Deputación financiará 441.426,99 € (80 %) con cargo á aplicación 22 /456 4530 612.02.

A achega do Concello do Grove será de 110.356,75 € (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, financiarase con cargo a subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello do Grove. No suposto de non obter o financiamento con cargo ao Plan Concellos, ou de que o importe obtido sexa insuficiente, a achega municipal será financiada con fondos propios do Concello.



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello:

O Concello do Grove obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, mobiliario urbano, iluminación, etc), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fan referencia os apartados 2 e 3 anteriores, antes da sinatura do presente convenio.*
- 5) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
 - Treito antigo de 143 metros lineais situado no pq. 0+630 (marxe esquerda) da estrada provincial E.P. 9101 O Grove – Igrexa de San Vicente.*
 - Treito antigo de 106 metros lineais situado no pq. 1+160 (marxe esquerda) da estrada provincial E.P. 9101 O Grove – Igrexa de San Vicente.*
 - Treito antigo de 104 metros lineais situado no pq. 1+990 (marxe esquerda) da estrada provincial E.P. 9101 O Grove – Igrexa de San Vicente.*
 - Treito antigo de 160 metros lineais situado no pq. 2+300 (marxe esquerda) da estrada provincial E.P. 9101 O Grove – Igrexa de San Vicente.*
- 6) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*



Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) *Redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio.*
- 2) *Dirixir, executar e recibir as obras.*
- 3) *Comunicarlle ao Concello a recepción das obras.*

A comunicación da Deputación ao Concello do Grove da formalización do acto de recepción das obras determina o nacemento das obrigas de conservación e mantemento dos servizos urbanos asumidas polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.

- 4) *Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas:

O Concello do Grove faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 25/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Salvaterra de Miño* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 212.449,18 €, con destino ao financiamento “*Mellora de camiños municipais en Pesqueiras, Alxén, Fornelos, Salvaterra, Oleiros e Corzáns*”, cun orzamento por importe de 212.449,18 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	212.449,18	212.449,18	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	212.449,18	212.449,18	0,00	0,00

O orzamento contempla honorarios de redacción do proxecto por importe de 5.224,16 €.

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas, da comercializadora de enerxía Electra Alto Miño e da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil; o Concello achega as solicitudes de autorizacións dos organismos afectados e a resolución de autorización, da Axencia Galega de Infraestruturas, na zona de dominio público e nas zonas de protección da estrada PO-402.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 18/04/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 09/05/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 11/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salvaterra de Miño* CIF P3605000C a cantidade de 212.449,18 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños municipais en Pesqueiras, Alxén, Fornelos, Salvaterra, Oleiros e Corzáns*” (Expte.2022010300) cun orzamento polo importe de 212.449,18 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	212.449,18	212.449,18	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	212.449,18	212.449,18	0,00	0,00

O orzamento contempla honorarios de redacción do proxecto por importe de 5.224,16 €.

- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e da empresa Electra Alto Miño Comercializadora de Enerxía, S.L.U., sendo imprescindible que as remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Salvaterra de Miño deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.31743.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 5206 ACCESO A LUNEDA (CONCELLO DE ARBO)” (Expte. 2022015363)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 5206 ACCESO A LUNEDA no termo municipal de Arbo pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na E.P. 5206 ACCESO A LUNEDA, no treito comprendido entre o p.q. 0+000 ó p.q. 2+983 no termo municipal de Arbo, é necesario proceder á reparación da estrada, mediante a aplicación dun simple tratamento superficial e o recrecido do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente. Posteriormente, se repoñerá a sinalización horizontal e vertical, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)*”, cun orzamento base de licitación de 283.955,96 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) N57LB0XN5SQ5A9D0.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)*”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 283.955,96 € con número de operación 202200060216, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/04/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)*”, redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de 283.955,96 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) N57LB0XN5SQ5A9D0.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato*”.



Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 acceso a Lameda (Concello de Barro)*” cun orzamento base de licitación de 283.955,96 € € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	234.674,35 €
IVE (21%).....	49.281,61 €
Importe Total.....	283.955,96 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): ZXSBLZEXQ8KGJ7GL, e de prescricións técnicas con código (CSV) N57LB0XN5SQ5A9D0, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 283.955,96 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



12.31744.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-9302 EN BROULLÓN (PQ 0+780 AO PQ 0+970) E COBAS (PQ 2+400 AO PQ 2+550), NO CONCELLO DE MEAÑO”. (Expte. 2021065111)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da EP 9302 Xil – Cobas - Barrantes que descorre polo Concello de Meaño e que ten unha lonxitude de 5.757 metros.

Resultando.- Que nos treitos comprendidos entre o PQ 0+780 e PQ 0+970 e o PQ 2+400 e PQ 2+550 da EP 9302 Xil – Cobas – Barrantes, a estrada provincial presenta un ancho variable, con seccións que nalgúns puntos non superan os 5,00 m de ancho, condicionada pola presenza de edificacións e peches consolidados en ámbalas marxes que provocan que o trazado quede encaixado. A maiores, a calzada atópase pavimentada integramente con aglomerado asfáltico, sen dispoñer de beirarrúas, beiravías nin ningún tipo de espazo reservado para os peóns, destinando a totalidade do espazo público ao desfrute dos vehículos motorizados, sen existir unha convivencia amable, agradable e segura entre todos os usuarios do mesmo, nunha zona moi frecuentada diariamente por peóns.

Resultando.- Que debido á falta de seguridade viaria nos treitos comprendidos entre o PQ 0+780 e PQ 0+970 e o PQ 2+400 e PQ 2+550 da EP 9302 Xil – Cobas – Barrantes, con data 16/11/2021 asinouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meaño o convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*”, con un importe de 375.468,32 € IVE incluído.

Resultando.- Que no citado convenio, recóllese que os investimentos necesarios par a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o Concello de Meaño mediante as seguintes cantidades:

Entidade	Achega	%
Deputación de Pontevedra	262.827,82 €	70
Concello de Meaño	112.640,50 €	30
Total investimento	375.468,32 €	100



Resultando.- Que recolle tamén que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, así como a súa licitación, dirección execución e recepción.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A. o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*”, cun orzamento base de licitación de 375.468,32 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7DYOXI71ZUJRJDQG.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202200003356 por importe de 375.468,32 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.2021. do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e por Augas de Galicia e informe favorable de supervisión do proxecto emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que con data 01/03/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo unha serie de observacións en relación coas autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 19/06/2020 e por Augas de Galicia de data 13/07/2020.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 01/04/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A , cun orzamento base de licitación de 375.468,32 € IVE icluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7DYOXI71ZUJRJDQG.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 07/04/2022 emitiu informe o Secretario accidental da Deputación, recollendo o seguinte: *“...Estímase os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente tendo en conta as observacións sinaladas no presente informe, en especial, as relativas á explicación da utilización do prezo como único factor para o cálculo da desproporcionalidade...”*

Resultando.- Que con data 04/05/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Dada a data na que nos atopamos e que o prazo de execución das obras é de 6 meses cabe lembrar que a vixencia do convenio asinado finaliza o 31 de decembro de 2022. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”*



Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*” cun orzamento base de licitación de 375.468,32 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	310.304,40 €
IVE (21%).....	65.193,92 €
Importe Total.....	375.468,32 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 6PFXSWUT8BMCWHNZ, e de prescricións técnicas con código (CSV) 7DYOXI71ZUJRJDQG, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 375.468,32 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01.2021 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



13.31745.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ESCOLA UNITARIA DA ENTIDADE LOCAL DE VILASOBROSO, RECOLLIDA NAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 ENVOLVENTE TÉRMICA SOSTENIBLE I, QUE CONTA CON COFINANCIAMENTO DO 80 % DO FEDER A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO IDAE” (Expte. 2022002143)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 11/03/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE...”

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de marzo de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo para presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión celebrada o día 7 de abril de 2022 procedeu á apertura dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostenible I”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE...”

Resultando.- Que as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L.
- MANTENIMIENTO SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS Y ASESORÍA, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Cooperación, ao obxecto de que os técnicos avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que con data 20 de abril de 2022 emitiu informe o xefe de enxeñeiros do Servizo de Cooperación D. Eugenio Marcote Carballo, relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	A memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre "a"
Construcciones y Obras Vazal, S.L.	20,00	1,00	21,00
Mantenimiento Soluciones Constructivas y Asesoría, S.L.	16,00	1,00	17,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 21 de abril de 2022 en base ó informe do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 20/04/2022, acordou prestar conformidade ás puntuacións técnicas acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-en ISO 9001	UNE-en ISO 14001
Construcciones y Obras Vazal, S.L.	299.140,00 €	3%	36 meses	NO	NO
Mantenimiento Soluciones Constructivas y Asesoría, S.L.	369.685,90 €	1%	12 meses	NO	NO

Resultando.- Que a Mesa comproba que empresa MANTENIMIENTO SOLUCIONES CONSTRUCTIVAS Y ASESORÍA, S.L., oferta un importe de 369.685,90 €, mais a cantidade 77.634,04 € de IVE, o que fai un total de 447.319,94 € IVE incluído, sendo o orzamento base de licitación recollido no PCAP e o orzamento recollido no PPT de 369.735,90 € IVE incluído, polo que debe de ser excluída deste procedemento por ofertar un valor superior o orzamento base de licitación.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 21 de abril de 2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Valoración Económica	Prazo De Garantía	Control Calidade	Certificados 9001/14001	Puntuación Sobre “B”
CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L.	6,309	5,00	5,00	0,00	16,31



Resultando.- Que na mesma reunión acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolvente térmica sostenible P”*, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE”, que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre “A”	Puntuación sobre “B”	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L.	21,00	16,31	37,31

Resultando.- Que tamén acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L. (CIF B32221384), por un importe de 361.959,40€.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da capacidade recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 14.957,00 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 11/05/2022 con número de operación 202200092926.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir do procedemento a oferta presentada por *Mantenimiento Soluciones Constructivas y Asesoría, S.L.*, pois ofertou un prezo superior o orzamento base de licitación.
2. Adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Rehabilitación enerxética da escola unitaria da entidade local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 “Envolveinte térmica sostenible P”*”, que conta con cofinanciamento do 80 % do FEDER a través da convocatoria de axudas do IDAE á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS VAZAL, S.L. (CIF B32221384) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	299.140,00 €
IVE (21%)	62.819,40 €
Importe Total.....	361.595,40 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Nomear director de o enxeñeiro do Servizo de Cooperación, D. Eugenio Marcote Carballo.

O prazo de execución será de TRES (3) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.1700.652.15.2021 e 22/942.1700.652.15 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006138; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022002143.



14.31746.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “ÁREA RECEPCIÓN DE VISITANTES DO CASTELO DE SOUTOMAIOR” (Expte. 2021003493)

Resultando.- A Deputación de Pontevedra é propietaria do Castelo de Soutomaior e dos terreos nos que se localiza, no *Concello de Soutomaior*. Foi declarado Ben de Interese Cultural por resolución da Dirección Xeral de Belas Artes e Arquivos do 17/10/1994.

Resultando.- Que o Castelo de Soutomaior e os seus xardíns reciben un elevado número de visitantes, polo que é necesario que este dispoña duns accesos e dunhas instalacións adecuadas, que permitan un correcto desenvolvemento deste servizo público.

Resultando.- O Servizo de Turismo traslada ao Servizo de Arquitectura a necesidade de deseñar un espazo que funcione como área de recepción, acollida e información, pero tamén como lugar de encontro. Ademais, da necesidade de centralizar os accesos nun único punto para garantir o control e a seguridade.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe da xefa do Servizo de Turismo coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando se inicien os trámites para a contratación da execución do proxecto da obra “*Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Soutomaior)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo arquitecto Mauro Lomba Martínez, o proxecto básico e de execución da obra “*Área de recepción de visitantes do castelo de Soutomaior*”, cun orzamento base de licitación de 575.000,00 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle un código (CSV): 9I860GAHV9YJGIBC.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto realizado pola xefa do Servizo de Arquitectura.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202200006597, por importe de 575.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/433.3360.622.00.2021 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de novembro de 2021 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “*Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Soutomaior)*”, redactado polo arquitecto D. Mauro Lomba Martínez, cun orzamento base de licitación de 575.000,00 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle un código (CSV): 9I860GAHV9YJGIBC.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2022, acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato de obras “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaíor”. O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de febreiro do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e do proxecto de execución desta obra.

Resultando.- Que finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/03/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaíor (Concello de Soutomaíor)”, admitindo ás seguintes empresas:

- CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación, acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentou a empresa Citanias Obras y Servicios S.L.U. ó Servizo de Arquitectura, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen neste procedemento.

Resultando.- Que con data 08/04/2022 emitiu a Xefa do Servizo de Arquitectura o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadoras, figurando o seguinte resultado:

Licitadores	A memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre “A”
CITANIA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	12,00	1,00	13,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/04/2022 en base ó informe da Xefa do Servizo de Arquitectura de data 08/04/2022, acordou prestar conformidade á puntuación acadada pola empresa CITANIA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U., neste procedemento.



Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CITANIA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	474.873,97 €	3%	36 meses	NO	NO

Resultando.- Que a continuación, de conformidade co establecido no PCAP, procedeuse á valoración da oferta económica, obtendo o seguinte resultando:

Licitadores	Sobre “B”				Puntuación sobre “B”
	Valoración Económica	Prazo de Garantía	Control Calidade	Certificados 9001/14001	
CITANIA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	0,210	5,00	5,00	0,00	10,21

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28/04/2022 acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Soutomaior)”, que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre “A”	Puntuación sobre “B”	Puntuación total
1	CITANIA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	13,00	10,21	23,21

Resultando.- Que de conformidade coa clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento, á empresa *Citania Obras y Servicios, S.L.*

Resultando.- Que requirida a empresa *Citania Obras y Servicios, S.L.*, para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo así mesmo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 23.743,70 €, segundo queda acreditado en carta de pago de data 10/05/2022 con número de operación 202200092351.



Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Adxudicar á empresa *Citania Obras y Servicios, S.L* o procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Concello de Soutomaior)*” cun orzamento base de licitación de 575.000,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	474.873,97 €
IVE (21%)	99.723,53 €
Importe total	574.597,50 €

A adxudicación quedará condicionada aos extremos indicados na licenza urbanística de data 14/09/2021 con código (CSV): FBW08C9BQ154B472).

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución deste contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/433.3360.622.00.2021 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2021003493.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

15.31747.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-8101 PORTAS-ROMAI (CONCELLO DE PORTAS)” (Expte.2021060894)

Resultando.- Que en xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Resultando.- Que esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia. Cumprindo co novo Decálogo de Criterios, e co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria e peonil en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que logo da inspección realizada por persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na totalidade da estrada E.P. 8101 Portas-Romai, no Concello de Portas é necesario levar a cabo unha mellora da seguridade viaria mediante a execución dunha nova capa de rodaxe, debido o seu mal estado de conservación.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recíbese no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8101 Portas-Romai, (Concello de Portas)”.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redáctase pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, María Belén Pampín Camino o proxecto da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8101 Portas-Romai, (Concello de Portas)*” cun orzamento base de licitación de 609.951,03 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o seguinte código CSV: 0D2GUWD8RTFGXQJI.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202100240942, por importe de 609.951,03 € con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, quedando acreditado polo tanto, a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 18 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*” cun orzamento base de licitación de 609.951,03 € IVE incluído.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de febreiro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo para presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión celebrada o día 17/03/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 25 de marzo de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado

Licitadores	A memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre “A”
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	22,00	3,00	25,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	20,00	2,00	22,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
HORDESCON, S.L.	16,00	2,00	18,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 31/03/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 25 de marzo de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.



Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre “B”				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	440.629,06 €	3%	36 meses	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	450.153,94 €	3%	36 meses	SI	SI
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	471.989,26 €	3%	36 meses	SI	SI
NAROM, S.L.	473.090,12 €	3%	36 meses	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	469.813,52 €	3%	36 meses	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	459.278,00 €	3%	36 meses	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	482.667,86 €	3%	36 meses	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	498.294,70 €	3%	36 meses	SI	SI
HORDESCON, S.L.	500.008,62 €	1%	12 meses	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas *Construcciones Obras y Viales, S.A.*, e *Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L.*, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.



Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, *Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L.*, e *Construcciones Obras y Viales S.A.*, presentaron xustificación da súa oferta no prazo, dando traslado das mesmas ó Servizo de Infraestruturas, emitindo informe o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas, recollendo que a xustificación presentada polas empresas NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON deben ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 21 de abril de 2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	Certificados 9001/14001	Puntuación sobre "B"
FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	21,793	5	5	5	36,793
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,139	5	5	5	36,139
NAROM, S.L.	23,09	5	5	5	38,09
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	29,363	5	5	5	44,363
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	15,072	5	5	5	30,072
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	4,078	5	5	5	19,078
HORDESCON, S.L.	2,873	0	0	5	7,873



Resultando.- Que a Mesa de Contratación na mesma reunión, en función das puntuacións obtidas acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*” que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre “A”	Puntuación sobre “B”	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	44,36	64,36
2	NAROM, S.L.	22,00	38,09	60,09
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	36,14	58,14
4	FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L.	18,00	36,79	54,79
5	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	22,00	30,07	52,07
6	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	19,08	37,08
7	HORDESCON, S.L.	18,00	7,87	25,87

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*” á empresa *Construcciones E.C. Casas, S.L.*

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa *Construcciones E.C. Casas, S.L.* figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia económica recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

Resultando.- Que requirida *Construcciones E.C Casas, S.L.*, para que aportara a documentación xustificativa previa a adxudicación, esta atendeu ó requirimento xuntando a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 22.9963,90€ e segundo queda acreditado en carta de pago de data 29/04/2022 con número de operación 202200087701.



Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas *Construcciones Obras y Viales, S.A.* e *Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L.*, pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)*” á empresa *Construcciones E.C. Casas, S.L.* de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	459.278,00 €
IVE (21%)	96.448,38 €
Importe Total.....	555.726,38 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.



O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01.2021do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2021060894.

16.31748.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN, LIMPEZA DE COCIÑA E COMEDOR DO PROGRAMA “DEPOAVENTURA 2022” (Expte. 2022003743)

A Xunta de Goberno na sesión do día 25 de marzo de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do Servizo de restauración e limpeza de cocina e comedor para o programa Depoaventura 2022. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25/03/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 12 de abril de 2022 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- Jardanay SL (CIF B-15.754.682)
- Os Ventos Innovación en servizos SL (CIF B-70.493.275)



Así mesmo na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma ao persoal técnico do Servizo de Cohesión Social e Xuventude para a súa valoración.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 21 de abril de 2022 en base o informe de valoración emitido pola Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude con (CSV) 8YUOHT2VI59EF7YF acorda prestar conformidade as puntuacións correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor acadadas polas empresas admitidas sendo as seguintes:

Criterios mediante xuízos de valor (Máx 43 puntos)	Jardanay SL	Os Ventos innovación en servizos SL
1.- Calidade dos produtos (Máx 30 puntos)	16	9
2.-Plan de control e avaliación continuada da calidade (Máx 10 puntos)	10	2
3.- Organización dos medios persoais (Máx 3 puntos)	2	1
Total puntuación	28	12

Na mesma reunión a Mesa de contratación procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (21,50 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas. Procédese polo tanto a apertura da oferta presentada pola empresa Jardanay SL ao non acadar a oferta da empresa Os Ventos innovación en servizos SL a referida puntuación mínima esixida.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre C correspondente aos criterios avaliables automaticamente as puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con (CSV) LAEEVKASOXJK4DKM son as seguintes:

Criterios automáticos	Jardanay S.L. Puntuación sobre C
1.- Prezo total ofertado	2,014
2.- Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato	0,00
3.- Acreditación dun “Sistemas de xestión de seguridade alimentaria”, Certificación ISO 22000 ou equivalente	5,00
4.- Compromiso da empresa de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic	2,00
5.-Oferta da posibilidade de repetir prato nos menús da comida e cea a un mínimo do 20 % dos nenos/as e monitores/as.	2,00
Total puntuación sobre C	11,014



Resumen puntuacións totais:

TOTAL PUNTUACION B (<i>Ata un máx. de 43 puntos</i>)	28,00
TOTAL PUNTUACION C (<i>Ata un máx. de 57 puntos</i>)	11,014
TOTAL B+C	39,014

A vista das puntuacións obtidas a Mesa de contratación en reunión celebrada o día 28/04/2022 acordou:

1.- Propor a exclusión da oferta presentada pola empresa Os Ventos Innovación en servizos SL (CIF B-70.493.275) ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (21,50 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

2.-Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	Jardanay SL	39,014

3.- A vista do exposto *acórdase* propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2022 a empresa Jardanay SL. (CIF B-15.754.682).

O persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa Jardanay SL (CIF:B15.754.682) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 4169 e no Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público. Ditos certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, que a empresa está clasificada no grupo M Subgrupo 6 e categoría 5 quedando polo tanto acreditados os requisitos de solvencia económica e técnica. Así mesmo acredítase que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, que a empresa non está incurso en prohibición de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2022003297 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Jardanay SL (CIF B-15.754.682) que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A empresa Jardanay SL(CIF B-15.754.682) presentou a documentación esixida constando no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 6.600,00 € (carta de pago núm. operación 202200099929, do 11/05/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A exclusión da oferta presentada pola empresa Os Ventos Innovación en servizos SL (CIF B-70.493.275) ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (21,50 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas

2.- Adxudicar o contrato para a prestación do Servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura 2022 á empresa Jardanay SL(CIF B-15.754.682) polo seguinte importe e de acordo coas seguintes condicións:

-Prezo total (para as 11 quendas de campamentos):

Importe sen IVE..... 132.000,00 €

IVE (10 %)..... 13.200,00 €

Total 145.200,00 €

-Acreditación dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN ISO 9001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición dun sistema de control de calidade na execución do contrato UNE-EN-ISO 9001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato	<input type="checkbox"/>	X



-Acreditación dun “Sistemas de xestión de seguridade alimentaria”, Certificación ISO 22000 ou equivalente:

Criterios	SI	NON
A empresa acredita a disposición de certificación ISO 2200 Sistemas de xestión de seguridade alimentaria ou equivalente	X	<input type="checkbox"/>

4.- Compromiso da empresa de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e picnic:

Criterios	SI	NON
A empresa oferta o compromiso de empregar materiais biodegradables para envolver os menús en frío e tipo picnic	X	<input type="checkbox"/>

5.- Oferta da posibilidade de repetir prato nos menús da comida e cea a un mínimo do 20 % dos nenos/as e monitores/as:

Criterios	SI	NON
A empresa oferta a posibilidade de repetir prato nos menús de comida e cea a como mínimo o 20 % dos nenos/as e monitores/as	X	<input type="checkbox"/>

O prazo de duración do contrato establécese desde o 22 de xuño de 2022 ata o 13 de setembro de 2022.

O pagamento do contrato efectuarase unha vez finalizada cada unha das quendas de campamentos tras a presentación da factura correspondente coa conformidade da persoa responsable do contrato.

A factura acompañarase da seguinte documentación:

- Menú de cada un dos días de duración do campamento
- Relación de consumo de produtos alimenticios.(copia dos albaráns)
- Informe de avaliación e seguimento no que se inclúan o número de persoas con alerxias, dietas, intolerancias alimentarias etc.
- Cuadrante de persoal onde figure o nome apelidos e categoría profesional
- Informe de incidencias e proposta de solución e melloras
- Fotografías dos menús diarios incluídos os picnic.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2022003743		
Órgano xestor:	.LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo a seguinte aplicación orzamentaria

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022	22/231.3370.227.99 (vinculación xurídica)	145.200,00 €

A persoa responsable do contrato é a Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

17.31749.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS (CAU) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2021007082)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 4 de xuño de 2021, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, dos “*Servizos do centro de atención a persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra*”.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación enviado ao Diario Oficial da Unión Europea con data 9 de xuño do 2021, e publicado no *Perfil do Contratante* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 11 de xuño do 2021. Na mesma data, publicáronse no *Perfil do Contratante* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.



Visto que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 15 de xullo do 2021, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes: SM Tecnología, S.L.U. (CIF: B-70.348.990), Econocom Servicios, S.A. (CIF: A-28.816.379) e Balidea Consulting & Programming, S.L. (CIF: A-15.850.647).

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías.

Recibido informe do servizo de Novas Tecnoloxías, de data 19 de xullo do 2021, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 22 de xullo do 2021, aprobou as valoracións, e procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Examinadas as ofertas, observouse que a presentada pola empresa SM Tecnología, S.L.U. presentaba un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado, polo que se lle requiriu xustificación, que presentou na sede electrónica da Deputación no prazo concedido.

O servizo de Novas Tecnoloxías emitiu informes de data 31 de agosto e 21 de setembro de 2021 (CSV: HUMX0ZJO0FENDJ4J e NOOEFETMONWZGSHK) en relación á documentación xustificativa achegada pola empresa, nos que concluíu que o prezo ofertado non estaba xustificado de acordo ao alcance do servizo e aos tempos de resposta propostos, e poñía en perigo a viabilidade técnica do proxecto.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2 de setembro do 2021, acordou propoñer a exclusión da empresa SM Tecnología, S.L.U., por inclusión de valores anormais ou desproporcionados en canto ao prezo ofertado; clasificar por orde decrecente de puntuación do resto das ofertas e, en base á dita clasificación, propoñer ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Balidea Consulting & Programming, S.L. (CIF: A-15.850.647), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2021001550, de 7 de setembro do 2021, o órgano de contratación aceptou a proposta da Mesa de Contratación, e requiriu á empresa Balidea Consulting & Programming, S.L., que presentaba a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presentase a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Con data 27 de setembro do 2021, a empresa Balidea Consulting & Programming, S.L. presentou a documentación correspondente ao requirimento na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2021036960), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 16.250,00 euros (carta de pago núm. operación 202100180710, do 27 de setembro do 2021).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 1 de outubro de 2021, adjudicou o contrato á empresa Balidea Consulting & Programming, SL (CIF: B-15.850.647), e excluíu á empresa SM Tecnología, S.L.U (CIF: B-70.348.990), conforme á proposta da Mesa de Contratación de data 2 de setembro do 2021, ao incorrer en presunción de baixa anormal ou desproporcionada e non explicar satisfactoriamente o prezo ofertado, presumindo, polo tanto, que non podía cumprir o contrato.

Con data 22 de outubro de 2021 (Rexistro entrada WEB2021024681), o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informou do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa SM Tecnología, S.L.U. contra o referido acordo de adjudicación da Xunta de Goberno, solicitando o expediente de contratación, acompañado de informe. A Resolución do TACGAL núm. 231/2021, remitida con data 15 de novembro do 2021 (Rexistro entrada WEB2021027058), estimou parcialmente o referido recurso especial en materia de contratación, nos seguintes termos:

“(…) En definitiva, debemos aceptar a alegación do recurso e anular o acordo de adjudicación e exclusión impugnado, coa conseguinte retroacción do expediente da licitación pois o informe técnico no que se fundamenta carece da necesaria motivación e impediu ao recorrente coñecer as causas da súa exclusión de modo que lle permitise formular concreta oposición a eses motivos a través da interposición dun recurso fundado. (...)”.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2021, en cumprimento da Resolución do TACGAL, anulou o acordo de adjudicación, retrotraendo o procedemento ao momento da avaliación e consideración pola Mesa de Contratación da documentación achegada pola empresa SM Tecnología, S.L.U. para xustificar a oferta presentada.

Coa finalidade de mellorar a motivación para a exclusión da empresa SM Tecnología, S.L.U., o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 26 de novembro de 2021, emitiu informe (CSV: I4NNG5HM734TPRJM), no que reitera que o prezo ofertado por SM Tecnología, S.L.U. non está xustificado de acordo ao alcance do servizo e aos tempos de resposta propostos, e pon en perigo a viabilidade técnica do proxecto, informando o seguinte:

“SM TECNOLOGÍA SL na xustificación da súa oferta económica cambiou a área de actividade 3, coa que o órgano de contratación determinou o prezo do contrato, pola área 2 a cal non se corresponde coas funcións a desenvolver polos perfís profesionais, tal e como explicouse con anterioridade. Este feito implicaría que se pagarían salarios inferiores aos establecidos, incumpríndose así o convenio colectivo de aplicación.”



Visto que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2 de decembro do 2021 (CSV: K6EQSE8QQ4XR9LW0), prestou conformidade ao referido informe do servizo de Novas Tecnoloxías, e, en base ao mesmo, e aos anteriores informes de data 31 de agosto e 21 de setembro de 2021, volveu a propoñer ao órgano de contratación a exclusión da empresa SM Tecnología, S.L.U., ao estimar que a información recadada non explicaba satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos pola licitadora e que, polo tanto, a oferta non podía ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais. No mesmo acordo, volveu a clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas e, en base á dita clasificación, propoñer ao órgano de contratación que procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Balidea Consulting & Programming, S.L. (CIF: A-15.850.647), polos prezos e valores ofertados, tendo en conta que xa cumprimentara a documentación esixida conforme ao artigo 150.2 LCSP.

A xunta de goberno en sesión celebrada o 17/12/2021 acordou novamente aceptar a proposta da Mesa de Contratación, de data 2 de decembro do 2021, e, de conformidade co exposto na mesma, excluír á empresa SM Tecnología, S.L.U. (CIF: B-70.348.990), por estimar que a información recadada pola empresa non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos pola licitadora e que, polo tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais e adxudicar o contrato “*Servizos do centro de atención a persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra*” á empresa Balidea Consulting & Programming, S.L. (CIF: A-15.850.647), polos prezos e valores ofertados.

Con data 11/01/2022 (Registro entrada 2022000696), o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informa do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa SM Tecnología, S.L.U. contra o referido acordo de adxudicación da Xunta de Goberno (acordo num 14.31090 do 17/12/2021), polo que solicita a anulación do acordo canto á súa exclusión e a retroacción do procedemento ao momento anterior á admisión e clasificación das ofertas.

O TACGAL mediante resolución núm. 26/2022(que tivo entrada no rexistro da Deputación de Pontevedra con data 02/02/2022 (Registro entrada 2022002536) acordou estimar o recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa SM Tecnología SL contra o referido acordo da Xunta de Goberno de data 17/12/2021.

Para dar cumprimento a dita resolución do TACGAL a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 01/04/2022 acordou deixar sen efecto o acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno núm. 14.31090, do día 17 de decembro do 2021 e retrotraer o procedemento de adxudicación ao momento da avaliación e consideración pola Mesa de Contratación da documentación achegada pola empresa SM Tecnología, S.L.U. para a xustificación da oferta presentada.



O órgano de contratación considerou como elemento principal para determinar como valor anormal a oferta presentada por SM TECNOLOXÍA, S.L e acordar a súa exclusión, o incumprimento do convenio colectivo aplicable. Con todo o Tacgal na súa Resolución nº 26/2022, despois de analizar os documentos e as tarefas que o PPT lle asigna ao futuro adxudicatario non lle permiten alcanzar esa conclusión de vulneración do establecido nese convenio, o que unido ao resto de consideracións explicadas na Resolución determina que proceda a estimación do recurso presentado, coa anulación da exclusión impugnada e o reintegro do recorrente ao procedemento de licitación, que deberá continuar como proceda en dereito ata a súa conclusión. Decaendo o argumento principal no que fundamentaba a exclusión da oferta a Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 07/04/2022 propón aceptar a oferta de SM TECNOLOXÍA, S.L, efectuándose novamente o cálculo das puntuacións correspondentes aos criterios avaliábeis automaticamente sendo as seguintes:

Resultado da valoración do sobre C, de documentación avaliábeis mediante fórmulas (criterios automáticos):				
Empresas	Prezo (Max 30)	Perfis propostos (Max 30)	Mellora ANS (Max 15)	Total Sobre C
Balidea Consulting & Programming SL	21,325	30,00	15,00	66,325
Econocom Servicios SA	13,818	30,00	15,00	58,818
SM Tecnología SLU	30,000	30,00	15,00	75,000

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa SM Tecnología SLU, polos prezos e valores ofertados pola mesma.

Tendo en conta o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daqueloutras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.



Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa SM Tecnología SLU atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditando salvo proba en contrario que a empresa non está incurso en prohibición de contratar mediante Resolución Presidencial con número 2022002755 acordou aceptar a proposta da Mesa de Contratación de data 07/04/2022 e requirir a empresa SM Tecnología SLU para que achegue a restante documentación de conformidade co previsto no artigo 150.2.

A empresa SM Tecnología SLU presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2022025940, de data 28-04-2022, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 14.343,97 € (Carta de pago núm. operación 202200087554).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo do centro de atención a persoas usuarias (CAU) da Deputación de Pontevedra á empresa SM Tecnología SLU (CIF B-70.348.990) polos prezos e valores ofertados, e conforme as seguintes condicións:

1.- Prezo	
Prezo total ofertado sen IVE:	286.879,32 €
IVE (21%).....	60.244,66 €
Total (IVE incluído)	347.123,98 €



2.- Ampliación dos acordos de nivel de servizo.

Tempos de resolución segundo criticidade da incidencia					
Criticidade	Tempo de resolución máximo	2 horas	4 horas	12 horas	24 horas
Crítica	4 horas en (24x7x365)	X	-----	-----	-----
Alta	12 horas desde a súa apertura	-----	X	-----	-----
Media	24 horas desde a súa apertura	-----	-----	X	-----
Baixa	48 horas desde a súa apertura	-----	-----	-----	X

3.-Características dos perfís profesionais propostos:

Características da persoa proposta como COORDINADOR	SI	NON
A persoa proposta como coordinador dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de servizos: -ITIL V3 O ITIL V4 -ITIL Expert -ITIL Foundations Certificate ou outras equivalentes en contidos e coñecementos.	X	<input type="checkbox"/>
A persoa proposta como coordinador dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de proxectos: -PMP (Project Management Professional) -Prince2 -SCRUM Foundation ou outras equivalentes en contidos e coñecementos	X	<input type="checkbox"/>
Número de meses de experiencia en postos de coordinación de CAU <u>a maiores dos 4 anos</u> esixidos como mínimo	24 meses	



Características da persoa proposta como OPERADOR NIVEL 2 (Recurso 1)	SI	NON
A persoa proposta como Operador nivel 2 (recurso 1) dispón de titulación universitaria (Grado, licenciatura ou diplomatura) asociada a informática ou telecomunicacións.	X	<input type="checkbox"/>
A persoa proposta como operador nivel 2 (recurso 1) dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de servizos: -ITIL V3 O ITIL V4 -ITIL Expert -ITIL Foundations Certificate ou outras equivalentes en contidos e coñecementos.	X	<input type="checkbox"/>
Número de meses de experiencia en postos de operador de CAU a maiores dos <u>4 anos</u> esixidos como mínimo	48 meses	

Características da persoa proposta como OPERADOR NIVEL 2 (Recurso 2)	SI	NON
A persoa proposta como Operador nivel 2 (recurso 2) dispón de titulación universitaria (Grado, licenciatura ou diplomatura) asociada a informática ou telecomunicacións.	X	<input type="checkbox"/>
A persoa proposta como operador 2 dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de servizos: -ITIL V3 O ITIL V4 -ITIL Expert -ITIL Foundations Certificate ou outras equivalentes en contidos e coñecementos	X	<input type="checkbox"/>
Número de meses de experiencia en postos de operador de CAU a maiores dos <u>4 anos</u> esixidos como mínimo	48 meses	



Características da persoa proposta como OPERADOR NIVEL 1 (Recurso 1)	SI	NON
A persoa proposta como operador 3 dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de servizos: -ITIL V3 O ITIL V4 -ITIL Expert -ITIL Foundations Certificate ou outras equivalentes en contidos e coñecementos	X	<input type="checkbox"/>
Número de meses de experiencia en postos de operador de CAU a maiores dos <u>4 anos</u> esixidos como mínimo	60 meses	

Características da persoa proposta como OPERADOR NIVEL 1 (Recurso 2)	SI	NON
A persoa proposta como operador 4 dispón dalgunha das seguintes certificacións relacionadas coa xestión de servizos: -ITIL V3 O ITIL V4 -ITIL Expert -ITIL Foundations Certificate ou outras equivalentes en contidos e coñecementos	X	<input type="checkbox"/>
Número de meses de experiencia en postos de operador de CAU a maiores dos <u>4 anos</u> esixidos como mínimo	60 meses	

O prazo de duración do contrato é de 2 anos, contados desde a finalización do período de posta en marcha do contrato e unha vez asinada a correspondente acta de inicio da prestación. O período de posta en marcha terá unha duración máxima de 2 meses, contados desde a formalización do contrato.

Establecese a posibilidade dunha prórroga de dous anos.



As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (IVE incluído)
2022 (6 meses)	22/926.9260.227.06	86.780,99 €
2023	22/926.9260.227.06	173.561,99 €
2024 (6 meses)	23/926.9260.227.06	86.781,00 €
Total		347.123,98 €

O cadro de financiamento poderá sufrir variacións en función da data de inicio da prestación. Os importes correspondentes ás anualidades 2023 e 2024 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito axeitado e suficiente.

Forma de pagamento: PARCIAL

O pago do contrato efectuarase cunha periodicidade mensual, iniciándose os pagos unha vez finalizado o período do posta en marcha fixado para o contrato (máximo de 2 meses) e sempre tras a sinatura da correspondente acta de inicio da prestación.

Presentarase unha única factura mensual que incluírá todos os servizos detallados no prego de prescricións técnicas por un importe fixo mensual proporcional ao importe total de adxudicación do contrato. (Prezo de adxudicación/24 meses).

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. exp.:	2021007082		
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

O responsable do contrato é o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, Juan Gabriel Fernández García de la Rocha.

2.- Acordar a devolución ou cancelación da garantía definitiva por importe de 16.250,00 € constituída pola empresa *Balidea Consulting & Programming, S.L.* (CIF B-15.850.647) mediante aval bancario, segundo consta na carta de pago con número de operación 202100180710 de data 27/09/2021.

18.31750.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, CANTEIROS J. GARCÍA GONZÁLEZ, S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “REPARACIÓN NAS RUÍNAS DO CONVENTO DE SANTO DOMINGO, SEGUNDA FASE EN PONTEVEDRA” (Expte.Ano 2004) (Devogarán, 2022033565)

Por Resolución Presidencial de data 27 de decembro de 2004 (CSV.- H3O54LSRIK9FJAOP), adxudicouse o contrato relativo a “*Reparación nas ruínas do convento de Santo Domingo, segunda fase en Pontevedra*”.

Para responder da realización do deste servizo, a empresa *Canteiros J. García González, S.L.* (CIF:B-36183820), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.363,02€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201300129415 de 10/10/2013 (anteriormente 200500003827 de data 24/01/2005).

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Canteiros J. García González, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Reparacións nas ruínas do convento de Santo Domingo, segunda fase en Pontevedra*” (Expte. Ano 2004), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, por aval bancario de CAIXANOVA por importe de 2.363,02 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial número de operación 201300129415 de 10/10/2013 (anteriormente 200500003827 de data 24/01/2005).

19.31751.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, DISINFOR, S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (LOTE1)” (Expte.2019045862) (Devogarán. 2022030057)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2020 (CSV.- 38PVSUY8AH95BHIQ), aprobouse a ampliación do contrato relativo a “*Subministración de equipos informáticos para a Deputación de Pontevedra (Lote 1)*” (Expte. 2019045862).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Disinfor, S.L.* (CIF.- B-98749799), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.630,30€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000034933 de data 19/02/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa DISINFOR, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración de equipos informáticos para a Deputación de Pontevedra (Lote 1)*” (Expte.2019045862), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída mediante aval de *AV ALMADRID*, por importe de 2.630,30€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 19/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000034933.

20.31752.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, DATA BASE STORAGE, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (LOTE2)” (Expte. 2019045862) (Devogarán 2022035548)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 28 de febreiro de 2020 (CSV.- 38PVSUY8AH95BHIQ), adxudicouse o contrato “*Subministración de equipos informáticos para a Deputación de Pontevedra (Lote 2)*” (Expte. 2019045862).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Data Base Storage, S.L.* (CIF: B-95229159), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.085,76€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000031573 de data 12/02/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazos legalmente establecidos para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *DATA BASE STORAGE, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración de equipos informáticos para a Deputación de Pontevedra (Lote 2)*” (Expte. 2019045862), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída mediante aval de KUTXABANK, por importe de 1.085,76€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 12/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000031573.

21.31753.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022035568 que contén dezaseis facturas e por un importe de 19.160,78€ e con CSV: L9JD2IN5K7YR6BZ5, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13 de maio de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	19.039,46€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	121,32 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	19.160,78€

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



22.31754.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2022035561 que contén 1 factura e por un importe de 2.964,50€ e con CSV: R3PNQ9T8RYQNBI72, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13 de maio de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	2.964,50 €
Descostos do IRPF.....	0,00 €
Descostos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descostos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descostos.....	0,00 €
Total líquido.....	2.964,50 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

23.31755.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CD MIÑO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “COPA GALEGA DE PROMOCIÓN DO SLALOM”(Expte: 2021023752)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *CD Miño* con NIF: G36321289 do *Concello de Tomiño*, por un importe de 402,84 € para o “*Copa galega de promoción do Slalom*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022029215 con data 09/05/2022 do citado club renunciando á subvención dado que o evento non se celebrou, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

24.31756.- PERDA DE DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE DOZÓN PARA LEVAR A CABO O PROXECTO “PLAN DE IGUALDADE PARA O CONCELLO DE DOZÓN” (Expte.2021013224)

Na Xunta de Goberno, celebrada o 12 de febreiro de 2021, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións destinadas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2021. Ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 33, de data 18 de febreiro de 2021.



Ao amparo de dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na sesión do 23 de xullo de 2021, acordou concederlle ao Concello de Dozón unha achega de 3.807,94 € para o proxecto “*Plan de Igualdade para o Concello de Dozón*”, acordo notificado ao Concello o 28 de xullo de 2021. O período para executar a actividade estendíase ata o 31 de decembro de 2021 e o prazo de xustificación ata o 28 de febreiro de 2022.

Con data de 23 de febreiro de 2022 o Concello de Dozón presenta escrito pola sede electrónica provincial (nº de rexistro WEB2022008788), a través do cal solicita unha prorroga de tres meses para a execución e xustificación da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra para devandito proxecto, xustificada porque a empresa encargada de levalo a cabo “*tivo dificultades técnicas e administrativas imprevistas...*”.

A Xunta de Goberno, na sesión celebrada o día 18 de marzo de 2022, acordou desestimar a prorroga solicitada polo *Concello de Dozón* e, requiríraselle para que no prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á notificación da presente comunicación, achegue a documentación acreditativa dos gastos realizados en relación ao proxecto “*Plan de Igualdade para o Concello de Dozón*”, indicándolle que transcorrido dito prazo sen presentala, procederíase a iniciar o procedemento de perda do dereito ó cobro da axuda concedida no seu día.

Transcorrido o prazo de 15 días establecido non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ó cobro da axuda económica concedida.

Resultando que con data 22 de abril de 2022, o Servizo de Igualdade emite informe onde se recolle que procede á incoación do procedemento de reintegro ou perda do dereito ao cobro, tal e como se establece nos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e, artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

Resultando que con data 25 de abril dende Intervención remiten expediente fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida a dito concello para realización do proxecto “*Plan de Igualdade para o Concello de Dozón*”.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2021, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo cuarta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.



Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao *Concello de Dozón* (CIF P3601600D), unha achega de 3.807,94 € para o proxecto “*Plan de Igualdade para o Concello de Dozón*”, ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2021
2. Conceder un prazo de quince días hábiles para que o *Concello de Dozón* (CIF P3601600D) poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que transcorrido dito prazo, conlevara á perda da subvención referida do xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución ao *Concello de Dozón*, á Intervención Provincial e ó Servizo de Igualdade

25.31757.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE RODEIRO AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte. 2022004585)

En relación á petición presentada polo *Concello de Rodeiro*, CIF núm. P3604700I, para modificar o acordo de concesión dunha axuda ao abeiro das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, no marco da Liña 3: emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais – aprobada por acordo da Xunta de Goberno do 11 de febreiro de 2022, punto núm. 23.31267, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, para financiar actuacións e investimentos que teñan encaixe nas diferentes Liñas do Plan. As propostas deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Ditas bases foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 230 do 27/11/2021.



Segundo.- Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 11 de febreiro de 2021, punto núm. 23.31.267, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 correspondente á Liña 3: Emprego para Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2022/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

Terceiro.- No caso do *Concello de Rodeiro*, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE RODEIRO				
LIÑA 3: importe máximo que se podería destinar a esta liña				116.953,87 €
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
16	<i>1 tractorista, 3 peóns de obras públicas, 2 peóns teitadores de asfalto, 2 peóns forestais e 1 peón varrendeiro/a a en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; 1 educador/a social e 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 2 monitores/as de tempo libre en xornada de 22,5 h./sem. durante 6 meses; 2 técnicos/as superiores en educación infantil en xornada de 25 h./sem. durante 5,3666 meses; 1 peón obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 4,4666</i>	116.921,63 €	0,00 €	116.921,63 €

Cuarto.- Non obstante, o concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. 2022010279 do 21/04/2022 solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesario reaxuste do número de contratacións, o importe do orzamento e o importe da axuda concedida, debido á imposibilidade de realizar a totalidade das contratacións previstas inicialmente.

Fundamentos xurídicos:

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.



- Base 5.2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada das liñas 2 e 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Base décimo sétima do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 no referente ás modificacións das resolucións de concesión das subvencións, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, permítese a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2022. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.

Conclusións:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar ás novas circunstancias e necesidades de contratación a solicitude de axuda por mor da imposibilidade de realizar as contratacións previstas inicialmente, o interesado solicita modificar o número das contratacións, o importe do orzamento e o importe da axuda concedida con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE RODEIRO				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	<i>3 peóns de obras públicas, 2 peóns teitadores de asfalto, 2 peóns forestais e 1 peón varrendeiro/a a en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; 1 educador/a social e 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 2 técnicos/as superiores en educación infantil en xornada de 25 h./sem. durante 5,3666 meses; 1 peón obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 4,4666</i>	96.381,05 €	0,00 €	96.381,05 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza. O importe sobrante poderá destinarse á Liña 1, nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude unha vez notificado o acordo de modificación desta axuda.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 11 de febreiro de 2022, punto núm. 23.31267, no referente á axuda concedida ó *Concello de Rodeiro*, CIF núm. P3604700I, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rodeiro (P3604700I)	13	<i>3 peóns de obras públicas, 2 peóns teitadores de asfalto, 2 peóns forestais e 1 peón varrendeiro/a a en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; 1 educador/a social e 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 2 técnicos/as superiores en educación infantil en xornada de 25 h./sem. durante 5,3666 meses; 1 peón obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 4,4666</i>	96.381,05 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido no artigo 16.4 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 11 de febreiro de 2022, punto núm. 23.31267, no referente á axuda concedida ó *Concello de Rodeiro*, CIF núm. P3604700I, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rodeiro (P3604700I)	13	<i>3 peóns de obras públicas, 2 peóns teitadores de asfalto, 2 peóns forestais e 1 peón varrendeiro/a en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; 1 educador/a social e 1 traballador/a social en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 2 técnicos/as superiores en educación infantil en xornada de 25 h./sem. durante 5,3666 meses; 1 peón obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 4,4666</i>	96.381,05 €

Esta modificación respecta os criterios establecidos nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, Liña 3: Emprego para Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, e non se estima que produza prexuízo a dereitos de terceiros, se ben unha vez aprobada polo órgano competente, o concello deberá tramitar a solicitude de aboo dos anticipos correspondentes conforme ás novas condicións da subvención reformulada.

O importe sobrante non aplicado á Liña 3 tras esta modificación, poderá destinarse á Liña 1 nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude, xunto a restante documentación pertinente, unha vez notificado o acordo de modificación da concesión.

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2021/942.9425.462.03.

2. Darlle traslado do acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



26.31758.- DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO DE ADXUDICACIÓN ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 18 DE MARZO DE 2022 (Nº18.31469), CON RETROACCIÓN DAS ACTUACIÓN, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, EN CUMPRIMENTO DA RESOLUCIÓN NÚM. 88/2022 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA” (Expte.2021031854)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2022, adjudicou o contrato dos *Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*, mediante procedemento aberto, á empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299), polos prezos unitarios ofertados. No mesmo acordo, excluíu á empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), conforme á proposta da Mesa de Contratación de data 24 de febreiro de 2022, ao incorrer en presunción de baixa anormal ou desproporcionada e non explicar satisfactoriamente o prezo ofertado, presumindo, polo tanto, que non pode cumprir o contrato.

Visto que, con data 8 de abril de 2022 (Rexistro entrada 2022009099), o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informa do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) contra o referido acordo de adjudicación da Xunta de Goberno, solicitando o expediente de contratación, acompañado de informe. No referido recurso, a recurrente solicita a anulación do acordo, canto á exclusión de dita empresa, e a retroacción do procedemento ao momento anterior á admisión e clasificación das ofertas.

Visto que a documentación requirida remitiuse ao TACGAL con data 12 de abril de 2022 para a súa consideración.

Tendo en conta a Resolución do TACGAL núm. 88/2022, remitida con data 11 de maio de 2022 (Rexistro entrada 2022013007), que estima o recurso interposto por QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES SAU contra a exclusión da súa oferta e contra a adjudicación da contratación dun servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os Concellos de menos de 20.000 habitantes.

Tendo en conta o artigo 57.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal no caso de estimación total ou parcial do recurso, o órgano de contratación deberá dar coñecemento ao órgano que houbera ditado a resolución, das actuacións adoptadas para o cumprimento da mesma.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Tomar coñecemento da Resolución núm. 88/2022, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), que estima o recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa *Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U* (NIF: A-80.106.842), contra o acordo de adxudicación da Xunta de Goberno núm. 18.31469, do día 18 de marzo de 2022, que exclúe a dita empresa do procedemento aberto de contratación do *Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*.
- 2.- Deixar sen efecto o acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno núm. 18.31469, do día 18 de marzo de 2022.
- 3.- Retrotraer o procedemento de adxudicación ao momento da avaliación e consideración pola Mesa de Contratación da documentación achegada polo licitador *Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U* (NIF: A-80.106.842) para a xustificación da oferta presentada, que poderá solicitar ao efecto a documentación e informes técnicos complementarios que considere oportunos.
- 4.- Poñer en coñecemento do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) das actuacións realizadas para o cumprimento da súa Resolución.

27.31759.- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS E DOS DATOS ESTADÍSTICOS DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2022. (Expte. 2022035600)

A Deputación de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ven publicando na sección de transparencia da súa páxina web desde o primeiro trimestre do ano 2015 a información relativa ós contratos menores adxudicados así como dos datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público segundo os datos existentes no seu Servizo de Contratación e Patrimonio.



Así mesmo, en cumprimento do disposto no art. 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público desde a entrada en vigor da referida norma publica no Perfil do Contratante a información relativa aos contratos menores adxudicados.

Respecto dos procedementos de contratación que se viñan tramitando con anterioridade á entrada en vigor da referida norma, estes datos son completados coa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) da formalización dos contratos de contía superior a 100.000€ tal e como se indicaba no art. 154 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista dos anteditos preceptos legais, o Servizo de Contratación e Patrimonio elaborou os informes: “*Contratos menores adxudicados no primeiro trimestre de 2022*” e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o primeiro trimestre do ano 2022*” que se achegan.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Queda enterada do contido dos informes “*Contratos menores adxudicados no primeiro trimestre de 2022*” (CSV: TN3EW8ZVIGCT2HGC) e “*Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público durante o primeiro trimestre do ano 2022*” (CSV: :TEJY09BS1VKZE23), de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- Ordena a súa publicación na sección de transparencia da páxina web da Institución Provincial.

28.31760.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

29.31761.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

